

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE AGOSTO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:20 horas do día 14 de agosto de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D. Xesús Costas Abreu
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Javier Albertos Benayas, en calidade de vogal suplente de D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2b e 3b)
D^a. María Pilar Alonso Cacheiro (asiste aos puntos 2c e 3c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 24 de xullo de 2018**

Apróbbase a acta da sesión do 24 de xullo de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta do 6 de agosto de 2018

Apróbbase a acta da sesión do 6 de agosto de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta do 9 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos



licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. UTE PRACE SERVICIOS, Y OBRAS, S.A. e OGMIOS PROYECTO, S.L.
2. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
3. ORECO, S.A.
4. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
5. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
6. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
7. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

Este punto foi tratado na sesión do 6 de agosto de 2018, onde foron admitidos todos os licitadores presentados:

1. DEIMOS SPACE, S.L.U.
2. TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.
3. SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.
4. WELLNESS TELECOM
5. NEC IBÉRICA, S.L.U.
6. INDRA SISTEMAS, S.A.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que, por mor dunha incidencia técnica na plataforma de licitación electrónica na sesión do 6 de agosto de 2018, se descriptaron os sobres electrónicos que conteñen os documentos que compoñen o Sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula", en lugar de descriptar os sobre electrónicos que conteñen o sobre B. Así o confirmou a empresa encargada da licitación electrónica logo de que se suspendese a sesión do 6 de agosto de 2018. A secretaria quere deixar constancia de que durante a sesión non se accedeu ao contido dos documentos, polo que os membros da Mesa non puideron ver as ofertas económicas.

A pedimento do Servizo de Contratación, consta no expediente informe emitido pola empresa encargada do mantemento da plataforma de licitación electrónica no que se fai constar:

"Debido a un problema en la composición del sobre electrónico que se puso a disposición de los licitadores para que hicieran llegar sus propuestas en el expediente número 8562-113, se ha procedido a la descriptación del sobre C, criterios valorables mediante fórmulas, con carácter previo a la descriptación del sobre B, criterios valorables mediante juicio de valor, si bien no se ha accedido a la documentación contenida en el citado sobre C.

Por tanto, y siguiendo las instrucciones dadas desde la jefatura del Servicio de Contratación del Ayuntamiento de Vigo, se ha procedido a impedir el acceso a dicha documentación mediante la ocultación de la misma en la plataforma, de manera que no pueda ser accesible desde el expediente electrónico para ningún usuario del sistema".

Quedando garantido o segredo das ofertas económicas, pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de xullo de 2018, da FUNDACIÓN ALDABA, por superar o orzamento base de licitación establecido no apartado 3.A do Anexo I- FEC (Orzamento base licitación: 2.581.689,36 euros), consonte ao previsto na cláusula 5.6 da PCAP (“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluída”).

Segundo.- “Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) na seguinte orden descendente:

Licitador	Puntuación total
CLECE S.A.	90,50



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acredita a habilitación profesional esixida no apartado 6.E do Anexo I- FEC.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1927,03 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE S.A., o día 24 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 de xuño e 3 de xullo de 2018, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CLECE S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) por un prezo total de 2.837.995,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 257.999,60 euros, e sen que propoña ningún persoal adscrito ao servizo dos previstos non PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449)

Retírase este asunto da orde do día.

c) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de agosto de 2018,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	89,02 puntos
CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	83,00 puntos

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP (“documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas”).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 9 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida ao día seguinte, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 20 de xullo e 2 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. o procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 2.474.614,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 429.478,56 euros.*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
 1. *Incrementa o número de arcos en relacións cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 60 unidades e coa seguinte distribución:*
 - 46 ARC 06
 - 14 ARC 08
 2. *Incrementa o número de motivos en relación cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 130 e coa seguinte distribución:*
 - 118 MOT-09
 - 12 MOT-49
 3. *Instalación dos seguintes elementos complementarios para o acto do acendido da iluminación do Nadal:*
 - equipo de son
 - equipo audiovisual
 - equipo de iluminación escenario
 - outros
 4. *Incrementa o stock de seguridade esixida no prego nun 5%.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



5. *Comprométese á colocación de rótulos luminosos a catro caras na parte alta da torre da Casa do Concello de Vigo, sendo a superficie a iluminar de 108m².*
6. *Iluminación en árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade: 10 unidades.*

c) *Achega certificado de calidade ISO 9001 e certificado de calidade ambiental 14001.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:59	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAE49-CHDF2F-AH8A2E-AKXG54-RW3Q1P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		